

Concello de Viveiro

EXPTE.- 667/2025

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 09:00 HORAS DO 09 DE SETEMBRO DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO (OP0.1/138) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZO ESPECIAL, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, PERSOAL LABORAL FIXO.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de xuño de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro exercicio.

Vista a Acta do Tribunal para a determinación de instrucións xerais do proceso selectivo do posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial.

Tendo en conta a realización o día 09 de setembro de 2025, do segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente nunha proba de habilidade práctica.

Os membros do Tribunal proceden á corrección do segundo exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: “(...) **SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

O segundo exercicio consistirá nunha proba de habilidade práctica, que consistirá na realización de unha ou varias tarefas ou cometidos propios das funcións do puesto como exhumacións, enterramentos, albañilería básica, limpeza, xardinería, pintura ou mantemento de instalacións do cemiterio. Se fose necesario neste exercicio facilitaranse os medios técnicos necesarios para realizalo. Na puntuación terase en conta a habilidade demostrada, a iniciativa no seu desenrolo, o coñecemento demostrado na materia, a rapidez na súa execución e o resultado final da tarefa encomendada. O tribunal de selección poderá contar con asesores para o desenrolo desta proba, que non terán voto na puntuación outorgada.

Valorarase de 0 a 10 puntos sendo necesario para aprobar, e superar a proba, obter un mínimo de 5 puntos.

A cualificación final virá dada pola puntuación das dúas probas superadas...”

As puntuacións deste segundo exercicio son as seguintes:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
REGO PÉREZ CONSTANTINO	3,000
FERNÁNDEZ LOUZAO OSCAR	7,125



Concello de Viveiro

TORIZA PÉREZ RAFAEL	4,500
----------------------------	--------------

COMUNÍCASE aos aspirantes que disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste segundo exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación deste resultado no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose a publicación o venres 12 de setembro de 2025, o prazo de alegacións comprenderá os días 15 e 16 de setembro de 2025.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

A Secretaria,

Dña . María Rosario San Isidro Franco

Dña. María Del Carmen Barro Cociña

Os/as vogais,

D. Santiago Silva Rey

D. Jose Luis Montero Carrodegas

D. Antonio Manzano Gabarre

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

